



Artes e Humanidades

www.usc.gal



www.usc.gal/gl/estudos/graos



Universidade de Santiago de Compostela

GRAOS

Os graos teñen como finalidade chegar ao estudiantado unha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á súa preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional.

Nos centros do Campus de Santiago impártese a docencia de 37 graos e 8 dobres graos. As escolas e facultades do Campus de Lugo ofertan 19 titulacións: 17 graos e 2 dobres graos.

Hai 9 titulacións na área de coñecemento de Artes e Humanidades, 9 na de Ciencias, 10 na de Ciencias da Saúde, 24 na de Ciencias Sociais e Xurídicas e, por último, 11 na de Enxeñaría e Arquitectura.

A maior parte das titulacións de grao teñen unha duración de catro anos (ou 240 ECTS), e as de dobre grao, polo xeral, oscilan entre e cinco e seis cursos académicos.

O estudiantado, á parte de superar as materias propias de cada grao, tamén deberá realizar a defensa dun traballo de fin de grao e, nalgunhas titulacións, prácticas en empresas ou institucións.



Artes e Humanidades

Na USC pódense cursar 9 titulacións da área de coñecemento de Artes e Humanidades. Os estudos de grao impartidos nas facultades de Filosofía, Xeografía e Historia, Filoloxía e Humanidades teñen como finalidade chegar ao alumnado unha formación xeral, cunha perspectiva interdisciplinar, e a aprendizaxe de competencias transversais orientadas ao exercicio profesional en disciplinas como a arte, a filosofía, a historia, os idiomas modernos, a lingua, as linguas clásicas, a lingüística ou a literatura.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Filoloxía Clásica

Filosofía

Historia

Historia da Arte

Lingua e Literatura Españolas

Lingua e Literatura Galegas

Lingua e Literatura Inglesas

Linguas e Literaturas Modernas

LUGO

Xestión Cultural (presencial e semipresencial)